

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA CON MANUEL SOTO E O COMITÉ AMBIENTAL DA FEE

Día: 22/06/2018

Hora inicio: 12.15.

[A reunión trasládase da aula 2.11 á 2.3 debido ás altas temperaturas da primeira aula]

O decano da facultade, Anxo Calvo, presenta ao director da OMA, Manuel Soto. Igualmente, presenta a este as actividades Green Campus levadas a cabo ata o momento no centro.

O co-coordinador Green Campus, Iván López, resume o planning levado a cabo ata o momento e os plans futuros (amósase un cronograma en Excel na pantalla da aula).

Todos os presentes expoñen preguntas e dúbidas, sendo unha delas a relativa á auditoría externa; dísenos que esta pode pedirse cando se estime oportuno que se pode presentar o centro. Igualmente, se establece que se deben manter dúas reunións ao ano do Comité Ambiental, aparte das que manteñan os grupos de traballo.

Infórmase dunha novidade en relación coa documentación-base: conectar os obxectivos académico-docentes do centro co Green Campus.

Manuel Soto informa sobre a existencia da Estratexia Galega de Economía Circular, un convenio da Xunta de Galicia coas tres universidades galegas (UDC leva urbanismo e edificación/residuos). A OMA participa nesta Estratexia e se nos indica que en Dereito a leva Sanz Larruga e que contactarán coa FEE.

Manuel Soto resposta ás preguntas formuladas polos equipos de traballo.

Exponse que un tema prioritario é o relativo aos indicadores do Plan Estratéxico, onde se fala das áreas prioritarias (Auga e Enerxía; Mobilidade; Compra Verde; etc.).

En relación ás accións que presentan algúns grupos e que implican servizos externos, o consello é falar con eles e comentarlles as cuestión. Reunirse con eles, insistir, etc. é un estudo de análise das necesidades e debe constar na Memoria. Contémplase como unha chamada de atención.

Tamén se valora a posibilidade de ter un logotipo Green Campus particular do centro, como acontece noutros centros.

Agradécese a Manuel Soto a asistencia e a axuda prestada.

Realízase unha foto de grupo ao final do encontro.



TEXTO CORREO-E ENVIADO PARA INFORMAR DA REUNIÓN

De: Estefanía Mourelle Espasandín <estefania.mourelle@udc.es>

Enviado: miércoles, 13 de junio de 2018 11:13

Para: Susana Iglesias Antelo; Alberto Manuel Castedo Pernas; Amalia Blanco Louro; amcastedo pernas; María América Álvarez Domínguez; Ana Baneira Suárez; Ángeles María Longarela Ares; José Benito Pérez López; Carlota María Balsa Sánchez; chemaudc@gmail.com; Claudia Andrea Quintas Pereira; María Dolores Lagoa Varela; dmrp95@hotmail.com; Emilia Luísa García Arthus; María Elena Fernández Calvo; Estefanía Mourelle Espasandín; Eva-María Lado González; Fernando De Llano Paz; franpardo8@gmail.com; Gustavo Rego Veiga; Helena Darriba Lindín; Iván López Martínez; Laura Carregal Castro; Laura Varela Candamio; María Carmen Gago Cortés; María Alló Pazos; marta pastoriza costas; María José Parga Massa; María Teresa García Álvarez; Noelia Salido Andrés; Nuria Fernández Hadi; Patricio Parada Robles; Paulino Montes Solla; Rubén Vázquez Doval; yagobf@gmail.com

Cc: Manuel Soto Castiñeira; Anxo Ramón Calvo Silvosa

Asunto: Reunión con Manuel Soto

Prezados compañeiros

Como xa comentamos nas roldas de reunións cos diferentes grupos de traballo, teremos próximamente unha reunión con Manuel Soto, Director da Oficina de Medio Ambiente da UDC. O obxectivo é comentarlle que temos feito ata o momento dentro do Green Campus e trasladarlle preguntas e dúbidas, de ser posible.

Esta reunión terá lugar o **venres 22 de xuño ás 12.00 na aula 2.11**. En relación aos membros dos grupos de traballo, o desexable é que acudades todos, mais se non for posible, cando menos un representante por grupo. Coa fin de aproveitar esta visita, se tendes preguntas que efectuar, traédeas preparadas e así podemos comentarllas a Manuel.

Grazas de antemán e recibide unha aperta.

Iván López
Estefanía Mourelle